



A Asociación de Empresarios de Santa Comba con C.I.F.: G-15.551.104 sita na Rúa Pontevedra, 9, entrechán, organiza a Campaña de Nadal: **No Nadal elixe o comercio local**, coa finalidade de incentivar e promover as vendas nos establecementos locais durante o nadal.

O ámbito de participación engloba a **tódalas empresas asociadas** a nosa entidade.

1. A Campaña comezará o venres **15 de decembro de 2023**, rematando o venres **5 de xaneiro** de 2024.
2. As empresas asociadas que desexen participar nesta campaña deberán comunicalo antes do **luns 4 de decembro ás 10:00 horas**.
3. Darase publicidade do evento a través de cartelería dixital, física, cuñas de radio e en redes sociais.
4. A Asociación de Empresarios entregará a cada local participante un **cartel identificativo** que se colocará no establecemento nunha zona visible e **rifas**, as cales se entregarán aos clientes **de balde** por cada compra realizada, sen fixar un mínimo nin máximo do importe da mesma.
5. Destinaranse **1.000€ en premios (vales de compra)** que se repartirán da seguinte maneira:
  - 1º premio-500€ á rifa que coincida cos 4 últimos números do 1º premio da lotería do neno.
  - 2º premio-300€ á rifa que coincida cos 4 últimos números do 2º premio da lotería do neno.
  - 3º premio-200€ á rifa que coincida cos 4 últimos números do 3º premio da lotería do neno.

*\*No hipotético caso en que coincidan as terminacións dos premios, será válida a primeira extracción e a segunda e repetida terminación suplirase coa primeira extracción de 4 cifras en dito sorteo.*
6. O sorteo da **Lotería do Neno** é o sábado **6 de xaneiro de 2024**.
7. O **premio recollerase** nas oficinas da Asociación de Empresarios **antes do 31 de xaneiro de 2024**, en horario de 09:30 a 15:00h. de luns a venres, sitas na Rúa Pontevedra nº 9 entrechán.
8. Os **vales de compra deberán canxearse** nas empresas asociadas á Asociación de Empresarios de Santa Comba **antes do 31 de marzo de 2024**.
9. Os **vales de compra** entréganse da seguinte maneira:
  - 1º Premio 500€ (5 vales de 50€, 10 de 20€ e 5 de 10€).
  - 2º Premio 300€ (4 vales de 50€ e 3 de 20€ e 4 de 10€).
  - 3º Premio 200€ (2 vales de 50€ e 3 de 20€ e 4 de 10€).
10. Se o premio recae nunha persoa menor de idade, esta deberá recoller o premio acompañado/a dun adulto, así como o disfrute do premio.
11. Os titulares, familiares directos e os empregados das empresas asociadas poderán participar na Campaña mercando nos outros establecementos participantes, quedando totalmente prohibido participar coas rifas propias do seu establecemento.
12. No caso de que non apareza o gañador dalgún dos tres premios, o importe do mesmo reservárase para outra campaña organizada pola entidade.
13. A participación supón a aceptación das bases.

Santa Comba, 20 de novembro de 2023.